

Touro mestura arte urbana, literatura galega e ocio negociado coa mocidade

O proxecto arquitectónico A Vila do Mañá chega a Fonte Díaz para quedarse

EMMA ARAÚJO

SANTIAGO / LA VOZ

Os muros ao aire e os espazos públicos con pouco xeito non están só nos núcleos urbanos, xa que o rural, escaso de mocidade, tamén ten recunchos que necesitan un bo apaño. Darlle unha volta a iso é o que traballa a arquitecta Sandra González co seu proxecto A Vila do Mañá, que quixo desenvolver no municipio de Touro. A súa idea foi ben acollida, pero tivo que adaptarse á realidade deste concello e así xurdiu un novo proxecto no que todas as partes implicadas puxeron moito da súa parte para que o resultado fose un éxito.

Un dos cambios foi que no proxecto participase un grupo de adolescentes para facer varios deseños de arte urbana. E foi o que fixeron, maila que antes tamén tiveron que traballar a reo para dispor dos muros como se fosen un lenzo branco, polo que houbo que botarlle unhas boas capas de pintura e tamén algunha limpeza de musgo. «Eu nunca usara un rolo», recoñecía Sandra González mentres facía a visita guiada polos distintos murais que agora danlle outro xeito ás rúas e prazas de Fonte Díaz, nas que van quedar para a posteridade. A primeira parada foi na praza de Martín Códax, na que unha das súas cantigas complementa o deseño que reflexa a Noa, unha das rapazas que formou parte do proxecto, que mudou varios dos espazos con nomes de referencia da literatura galega.

Como o resto de traballos, todos teñen escala humana, porque esa é a filosofía do proxecto que comezou en Rianxo no 2016 e que en Touro tamén é posible grazas a unha subvención autonómica do departamento de Normalización Lingüística.

Outro dos deseños permitiu mudar a percepción da rúa de Ramón Cabanillas, con Aitor como protagonista por duplicado. Por falta de tempo, non se puideron facer todos os traballos, pero si a meirande parte deles porque varios días de faena foron necesarios para deixar listos os muros e tamén para debater e elixir os elementos dos murais.

Na rúa Castelao negociaron unha solución artística contemporánea reproducindo unha das súas ilustracións, neste caso moi vinculada á violencia de xénero, polo que a cor elixida foi a que tamén simboliza o feminismo. Non hai vila galega que non teña unha rúa ou un recuncho que lembre a Rosalía de Castro. E Fonte Díaz non ía ser menos.



Todos os murais teñen deseños a escala urbana da mocidade que traballou neles. FOTOS CATUXA PRIETO



A rúa Castelao de Fonte Díaz ten agora a reprodución dunha das súas ilustracións grazas a este proxecto.

Neste caso, o grupo e a arquitecta argallaron un deseño moi particular co corpo doutro rapaz, Xoán, coa súa sombra reflectida na parede deste pequeno espazo, no que o poema da escritora e a sombra transformaron por completo un lugar de descanso que xa tiña unha gran mesa e bancos. Nesta pequena agora, todas as partes implicadas no proxecto tiveron tempo para un pequeno balance despois dunha semana de traba-

llo. Sandra González recoñeceu o bo resultado da humanización conseguida, mentres a edila de Educación, Ana Iglesias, confirmaba tamén o interese do Concello por manter esta actividade implicando de novo á mocidade.

Marta Iglesias, de 12 anos, foi unha das participantes, no seu caso chegada de Cruces. Pensaba que non o ía pasar moi ben porque non coñecía a ninguén, pero xa quere repetir se é posible.

Tamén Alba Naveiro, de 14 anos, con familia en Touro pero veciña de Culleredo, onde di que non ten tanta liberdade, polo que quedou con gañas de máis actividades. Tamén Aitor Ávila, de Touro, que desvelou que tiveron tempo para combinala cos xogos de Pokémon, invitou a todo o mundo a visitar Fonte Díaz e ver así a nova faciana destes espazos con escala máis humana e chea de cultura galega.

Los alcaldes de A Baña, Zas y Vimianzo piden la mediación de Feijoo ante Abanca

SANTIAGO / LA VOZ

Los regidores de A Baña, Vimianzo y Zas han puesto en marcha las acciones conjuntas que anunciaron el pasado viernes para intentar evitar el cierre de las oficinas de Abanca en sus concellos. Así, el alcalde de Zas, Manuel Muñío, en nombre de sus homólogos bañes, José Antonio Pereira, y vimianceses, Mónica Rodríguez, acaba de solicitar una entrevista con el presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijoo, para pedirle que medie para que la entidad bancaria reconsiderase su decisión, según informaron ayer los tres ayuntamientos.

«Queremos ter unha reunión con Feijoo para que nos axude e se poña á fronte das reivindicacións», afirmou el alcalde de Zas, quien en nombre de los tres regidores indicó en que el Gobierno gallego es el único con capacidad para «falar de ti a ti» con la entidad financiera.

Además, los tres alcaldes solicitarán una entrevista con el presidente de la Fegamp, Alberto Varela, así como con responsables de Abanca; establecerán contactos con el Gobierno español y con diputados en el Parlamento de Galicia; estudiarán la posibilidad de emprender acciones legales; recogerán firmas en los tres concellos, y también contemplan la convocatoria de una manifestación ante la sede de Abanca.

Herido un hombre al caerse del tractor que manejaba en una finca de A Baña

SANTIAGO / LA VOZ

Un hombre resultó herido a primera hora de la noche del pasado viernes en A Baña al caerse del tractor que manejaba, según informó ayer la Axencia de Emerxencias de Galicia. El suceso tuvo lugar en una finca de Troitosen de poco después de las nueve de la noche. Al ser avisados del accidente mediante la llamada de un particular, los gestores del 112 Galicia movilizaron a las Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a los Bomberos de Santa Comba y a la Guardia Civil. Tras asistir al accidentado en el lugar, los servicios sanitarios lo trasladaron a un hospital.